

PLAN ANUAL
DO
DEPARTAMENTO DE
ORIENTACIÓN

CURSO 2020-2021

CEIP
“SALVADOR DE TEIS”

ÍNDICE

1.- XUSTIFICACIÓN

2.- CONTEXTO LEGAL

3.- CONTEXTO DO CENTRO

4.- ORGANIZACIÓN DO DEPARTAMENTO

5.- OBXECTIVOS

6.- ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

7.- TEMPORALIZACIÓN

8.- AVALIACIÓN

1.- XUSTIFICACIÓN

A orientación e a acción tutorial forman parte da función docente. Ten como finalidade orientar ao alumnado no seu proceso de aprendizaxe e crecemento persoal, coordinar a acción educativa e o proceso de avaliación levados a cabo polo profesorado, establecer relación fluidas e mecanismos de coordinación coas familias do alumnado e as distintas institucións e contribuir á prevención e identificación temperá das dificultades de aprendizaxe, coordinando a posta en marcha de medidas educativas axeitadas tan pronto como as mesmas se detecten.

A normativa actual establece a orientación educativa e profesional dos estudantes como un medio necesario para o logro dunha formación personalizada, que propicie unha educación integral en coñecementos, destrezas e valores ao mesmo tempo que a acción tutorial debe favorecer o proceso educativo individual e colectivo do alumnado, destacando como principios pedagóxicos fundamentais para esta etapa a atención á diversidade do alumnado, a atención individualizada, a prevención das dificultades de aprendizaxe e a posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

O Plan de Orientación e Acción Tutorial enténdese como un instrumento pedagóxico-didáctico que artella, a medio e longo prazo, o conxunto de actuacións dos equipos docentes e do centro educativo no seu conxunto.

2.- CONTEXTO LEGAL

- Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación. LOE (BOE do 4 de maio).
- Real Decreto 126/2014, de 28 de febreiro, por el que se establece el currículo básico de la Educación Primaria.
- Real decreto 1594/2011, do 4 de novembro, polo que se establecen as especialidades docentes do corpo de mestres que desempeñen as súas funcións nas etapas de educación infantil e de educación primaria reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

- Real Decreto 943/2003, de 18 de julio, por el que se regulan las condiciones para flexibilizar la duración de los diversos niveles y etapas del sistema educativo para los alumnos superdotados intelectualmente.
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa (DOG 15/07/2011).
- Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 27/04/98).
- Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 105/2014 do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 99/2006, do 15 de xuño, polo que se regula a planificación, estrutura, organización e funcionamento da formación permanente do profesorado dos centros da Comunidade Autónoma de Galicia sostidos con fondos públicos (DOG do 19/06/2006).
- Decreto 254/2012, do 13 de decembro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- Decreto 133/2007, do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas de educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 13/07/2007).
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Decreto 374/1996 de 17 de outubro (DOG 21), Regulamento Orgánico das Escolas de Educación Infantil e CEIP.

- Decreto 79/2010, do 20 de maio (DOG 25/05/2010), para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- Orde do 1 de agosto de 1997 (DOG do 2 de setembro) que desenvolve o decreto anterior.
- Orden de 12 de marzo de 2013 por la que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bachelato reguladas pola lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación.
- Orde de 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo de educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 6 de xullo de 2007 pola que se establece o número de unidades e postos de traballo docentes dos centros públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria nos niveis de educación infantil, primaria e educación especial (DOG do 26/07/07).
- Orde do 17 de xullo de 2007 pola que se regula a percepción da compoñente singular do complemento específico por función titorial e outras funcións docentes (DOG do 24/07/07).
- Orde de 30 de xullo de 2007 pola que se regulan os programas de diversificación curricular na ESO (DOG do 21/08/07).
- Orde do 6 de setembro de 2007 pola que se desenvolve a implantación da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG de 12/09/07).
- Orde do 16 de febreiro de 2009 pola que se regula o desenvolvemento da avaliación diagnóstica na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 23 de novembro de 2007 pola que se regula a avaliación na educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde de 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado do ensino non universitario con necesidades educativas especiais (DOG 30/01/2003).

- Orde do 24 de xullo de 1998 (DOG do 31) pola que se establece a organización e funcionamento da Orientación Educativa e Profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 31 de outubro de 1996 pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral, e se establece o procedemento e os criterios para a realización do ditame de escolarización (DOG 19/12/96).
- Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral (DOG07/11/95).
- Circular 17/2006 das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais .
- Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- CONTEXTO DO CENTRO

O CEIP San Salvador de Teis, é un colexio público, dependente da Consellería de Educación da Xunta de Galicia , ubicado na Avda de Galicia nº 181 do barrio de Teis de Vigo. Trátase dun centro de Educación Infantil e Primaria con integración de alumnado dos arredores. O alumnado ten idades comprendidas entre os 3 e os 12 anos. Consta de 2 unidades de Educación Infantil, 5 unidades de Educación Primaria, 1 aula de Educación Especial, 1 aula de Audición e Linguaxe, aulas de Música, de Inglés e de Educación Física e Biblioteca, así como comedor e transporte escolar.

Ten xornada continuada de 9 a 2 con 5 sesións diarias de 50 minutos.

Polas tardes a ANPA organiza actividades extraescolares cando a situación covid o permita.

O alumnado deste centro procede de familias cunha situación económica media-baixa. A maioría son traballadores por conta allea, en fábricas, construción e servizos. O ambiente familiar, económico e afectivo foi tradicionalmente estable, pero ano tras ano

observamos a aparición de conflitos e problemas que inflúen na tarefa educativa e na relación co colexio.

O número total de alumnos/as é 114 e de profesores/as 14. O Centro conta cun orientador compartido co ceip Eduardo Pondal (luns, mércores, venres e martes pola tarde alternos), unha especialista en Audición e Linguaxe compartida(luns, mércores e venres) e unha especialista en PT a tempo completo.

Temos un alumnado diverso: 2 alumnos con Trastorno dentro do Espectro do Autismo, 6 con Dificultades Específicas de Aprendizaxe, 2 con Trastorno do Desenvolvemento Intelectual, 2 con enfermidades raras, 10 con TDAH, 2 con Altas Capacidades e outros con dificultades articulatorias.

Está en funcionamento un proxecto de horto escolar aberto a toda a comunidade educativa, prantexado como un recurso para traballar tanto os aspectos estritamente curriculares como a creación dos hábitos de alimentación e medioambientais, así como o desenvolvemento de actitudes e valores cara á sostenibiliade do medio ambiente.

Existe tamén unha estreita colaboración cos servicios sociais do Concello de Vigo e con institucións como o Sergas, Cáritas, Plan Comunitario de Teis, Asdegal e Jesuitas. Tamén se conta co asesoramento e axuda dos Equipos de Orientación Específicos con sede en Pontevedra. Faise un intercambio periódico de información cos gabinetes que atenden alumnado do noso colexio

Como **liñas prioritarias de actuación** establécense:

1. Dar a coñecer o Plan de Atención á Diversidade, actualizado seguindo o disposto no Decreto 229/2011 para que sirva de marco para as actuacións a levar acabo: identificación temperá de necesidades educativas específicas, revisión das medidas de apoio e optimización de recursos humanos e materiais para atender a este alumnado. Estas actuacións levaranse a efecto co asesoramento aos equipos de nivel .
2. Asesorar aos órganos de goberno e coordinación docente do Centro, para a elaboración do Proxecto Educativo que contemple as medidas organizativas, metodolóxicas e curriculares que permitan unha axeitada atención á diversidade do alumnado.

3. Actualizar e desenvolver o Plan de Acción Titorial prestando apoio aos/as titores/as , axudándolles na coordinación entre equipos de ciclo e analizando as necesidades dos/as profesores/as. Faremos fincapé na incorporación de contidos relacionados coas habiliddes sociais, a resolución de conflitos, o traballo por proxectos, a igualdade home-muller e a dinámica de grupo.
4. Promocionar a convivencia e resolución pacífica de conflitos elaborando un plan específico no que se contemple a mediación escolar, a titorización entre iguais, medidas de prevención do absentismo escolar e promoción de valores democráticos, tomando como referente a Lei de convivencia.
5. Colaborar na revisión do PE e das NOF.
6. Fomentar a utilización das tecnoloxías da información e da comunicación, seguindo o establecido no Plan Tics.
7. Asesoramento aos equipos docentes e aos equipos directivos en temas de avaliación, promoción e titulación, as posibles consecuencias para o alumnado das correspondentes decisións e as opcións académicas e profesionais que delas se derivan, así como asesoramento ao alumnado e ás súas familias. Prestarase apoio técnico no referido á avaliación inicial do alumnado así como aos criterios de avaliación formativa.
8. Actuacións referidas á formación permanente, á investigación , á experimentación e a innovación. Faremos fincapé en todo o referido á comprensión lectora dadas as dificultades que soe amosar os/as alumnos/as e que repercuten en tódalas aprendizaxes e considerando que é un aspecto ao que fai mención explícita a LOMCE.
9. Asesorar na forma de traballar a ortografía e no deseño de posibles programas en todos os niveis (de primeiro a sexto), consensuado co profesorado.
10. Establecer criterios para atención ao alumnado con neae e facer as propostas de atención a este alumnado aos especialistas en PT e AI tal como establece a normativa.

11. Facer un seguimento a través de cuestionarios da vulnerabilidade ou risco de acoso.
12. Por en marcha estratexias encamiñadas a evitar a discriminación por razóns de identidade de xénero.
13. Tentar axudar a establecer unha escola de pais .
14. Este curso, tendo en conta a situación de catástrofe na que nos atopamos, será importante traballar dende o principio os aspectos emocionais e afectivos do alumnado e o apoio ao profesorado.

O remate do curso elaborárase unha memoria na que se incluírá o nivel de consecución dos obxectivos previstos, así coma as dificultades atopadas, as modificacións introducidas e as conclusións e propostas de mellora para incorporar ao plan do curso seguinte.

4.- ORGANIZACIÓN DO DEPARTAMENTO

COMPOSICIÓN:

- JESÚS ABEL SOUTO.....Xefe do Departamento.
- SENLLE BONET, LINA NATALIA ..PT
- LÓPEZ VIDAL, MARÍA OLGA...AL
- BAUTISTA MONTERO, FRANCISCA ...Coordinadora de Infantil..
- DE ARAUJO PARADA, TERESA ...Coordinadora de Primaria.

MEDIOS E RECURSOS :

Recursos humanos : Profesorado titor , profesorado de E.F. , profesorado de Relixión , profesorado de P.T. , profesorado de A.L, familias , asistentes e traballadoras sociais do Concello, ...

Recursos materiais : Proxecto Educativo., escalas de observación , probas psicopedagóxicas, fichas acumulativas , expedientes do alumnado , material escolar de reforzo , documentos sobre a lexislación educativa , ...

O Departamento de Orientación conta con local propio.

Existe un material diagnóstico e bibliográfico que está desfasado e que cómpre facer unha previsión de necesidades e ir actualizandoo.

COORDINACIÓN :

O Departamento De Orientación manterá unha dobre coordinación :

Interna : Xefatura de Estudos , titores , especialistas , coordinadores de niveis...

Externa : co I.E.S. DE TEIS , Inspección Educativa , Equipo de Orientación Específico, familias, CEFORE , servicios do SERGAS , Servicios Sociais do Concello e de Menores, Policía Xudicial, equipos de apoio de Cáritas, Universidade de Vigo e Santiago principalmente, e outros (Fundación Menela, Bata, Colectivo de persoas xordas de Vigo, Gabinetes, outros institutos...).

MODELO DE INTERVENCIÓN:

Farase no conxunto do sistema, tendo en conta as diversas relacións ou interaccións que nel se producen e facéndoo dun xeito xeral. Unha intervención por programas que chegue a todo o alumnado dando resposta as distintas necesidades educativas e facendo especial fincapé na prevención. Centrándonos máis no desenvolvemento do alumnado (diversidade), das súas potencialidades, que na etioloxía das dificultades amosadas.

Concebímos a nosa tarefa como unha orientación para a vida. O proceso orientador articula os aspectos sociais e individuais da educación e contribúe a atopar a función socializadora da escola no desenvolvemento persoal do alumnado.

Tamén entendemos que a orientación debe ser un asesoramento sobre os diferentes camiños e as distintas opcións que poden elixir as persoas: alumnos/as, profesores/as, pais/nais. Este asesoramento pode referirse entre outras cousas a ubicación dun alumno/a, a súa promoción, a elaboración de reforzos educativos, elaboración de ACS , ...

ÁMBITO DE INTERVENCIÓN:

O Departamento de Orientación terá as seguintes funcións:

- Preventivo diagnóstica.
- Intervención e recuperación.
- Asesoramento e información.
- Coordinación.
- Avaliación.

5.- OBXECTIVOS

Atendendo ás demandas da comunidade educativa, e de acordo coas disposicións legais, trataremos de acadar os seguintes obxetivos:

1. OBXECTIVOS REFERIDOS AO CENTRO:

- Completar e revisar o plan de atención á diversidade tendo en conta a incorporación de novo alumnado con neae e a situación actual de catástrofe.
- Realizar a avaliación da convivencia e asesorar na teoría de resolución de conflitos e mediación que sirva de base para elaborar un plan para melloralala.
- Elaborar un exemplo de unidade didáctica sobre as emocións para traballar nos distintos niveis ao comezo de curso.
- Asesorar e ofrecer recursos á comunidade educativa para que se favoreza o desenvolvemento de actitudes positivas fronte á diversidade multicultural.
- Intentar por en marcha un seminario sobre dificultades da aprendizaxe.
- Colaborar na revisión do PE.
- Contribuir á dinamización da planificación e organización educativa.
- Cooperar coa comunidade educativa, (Equipo Directivo, profesorado, alumnado, ANPA, comisións de traballo,...), favorecendo canles de comunicación e actuación.
- Potenciar a coordinación e cooperación entre o Centro e as familias, facéndoas partícipes daqueles aspectos da orientación educativa nos que poden incidir en maior medida.
- Colaborar e orientar a elaboración e seguimento dun Proxecto Lector.
- Orientar nas pautas para levar adiante a avaliación prevista pola lei para o segundo e terceiro ciclos de primaria.
- Asistir as reunións de avaliacións e elaborar os informes requeridos polos Institutos de referencia.

- Realizar aquelas outras actuacións que sexan necesarias e demandadas pola dirección do centro.

2. OBXECTIVOS EN RELACIÓN A OUTRAS INSTITUCIÓNS:

- Coordinar co centro de secundaria IES de Teis onde seguirán a escolarización os/as alumnos/as deste colexio e con outros institutos que reciban alumnado do noso centro (revisión e actualización do protocolo de informe sobre o alumnado que promociona).
- Establecer unha colaboración fluida cos servizos sociais do Concello e outras institucións, establecendo uns protocolos de intercambio de información sobre o alumnado e as familias que favoreza a atención das súas necesidades mantendo sempre a confidencialidade.
- Buscar asesoramento dos Equipos de Orientación Específicos.
- Fomentar o intercambio e colaboración entre centros.
- Solicitar asesoramento dos especialistas dos centros de formación e recursos para promover a innovación educativa.
- Coordinar as intervencións ao alumnado con TEA cos Centros aos que acuden para recibir atención fóra do horario escolar ou en escolarización combinada e os Equipos Específicos.
- Coordinar o intercambio de información cos profesionais que traballan con alumnado do noso centro (terapeutas, gabinetes...) para mellorar a atención das súas necesidades.

3. OBXECTIVOS REFERIDOS AO ALUMNADO:

- Contribuír á personalización dos procesos de ensino-aprendizaxe (medidas de atención á diversidade), impulsando iniciativas de compensación de desigualdades de orixe.
- Detectar, orientar e asesorar para previr dificultades de aprendizaxe.
- Elaborar un protocolo de estratexias para a resolución de conflitos.
- Favorecer a integración do alumnado no seu grupo e no conxunto da dinámica escolar.

- Asesorar no desenvolvemento de actividades de dinámica de grupo que contribúan a mellorar as relacións interpersoais.
- Establecer un protocolo de acollida para o alumnado que se incorpora ao centro por primeira vez.
- Realizar rexistros de observación sistemáticos.
- Desenvolver programas de educación en valores e habilidades sociais, para abordar a resolución de conflitos e fomentar conductas asertivas.
- Asesorar na realización de actividades que favorezan a mellora da súa autoestima.
- Valorar os estilos de aprendizaxe dos alumnos para optimizar o proceso.
- Atender ás demandas persoais de orientación que se presenten, así como ás necesidades específicas de apoio educativo.
- Potenciar a orientación educativa e profesional, sobre todo nos niveis de 5º e 6º da educación primaria.
- Desenvolver programas de adquisición de habilidades, técnicas de traballo intelectual e estratexias de aprendizaxe, encardinadas no propio currículo.
- Fomentar o esforzo e a vontade, como valores fundamentais.
- Identificar as dificultades e potencialidades do alumnado con neae, concretando as pautas de actuación e medidas para súa atención.
- Identificar posibles situacións de risco de acoso escolar.
- Fomentar no alumnado as actitudes cooperativas no Centro e no seu entorno sociocultural.
- Realizar a observación de conductas dos alumnos a través de protocolos facilitados ao profesorado.
- Analizar a documentación existente para elaborar, se fose o caso, o Dictame de Escolarización do alumnado con neae , realizando a valoración psicopedagóxica oportuna.

4. OBXECTIVOS REFERIDOS AO PROFESORADO:

- Asesorar e implicar ao profesorado na realización de avaliación inicial como punto de partida de cada unidade didáctica ou proxecto coa finalidade de axustar os recursos para optimizar o proceso. Facer fincapé nos aspectos socioemocionais dada a situación actual de pandemia.
- Fomentar a coordinación entre etapas - niveis e o establecemento de uns criterios comúns de actuación.
- Coordinar a actuación do/a profesor titor/a o/a profesor/a de apoio ás neae e o orientador cara a dar unha resposta axeitada ao alumnado.
- Establecer a proposta de organización da atención ao alumnado que precisa apoio por parte dos especialistas en Pt e Al e, de ser o caso, doutros profesionais específicos, atendendo aos criterios establecidos no Plan de Atención á Diversidade (horario, modalidade, ...).
- Coordinar o proceso de avaliación formativa de cada grupo e a información ó alumnado e ás familias.
- Asesorar na avaliación da competencia curricular facilitándolles instrumentos para esa avaliación.
- Asesorar ao profesorado na planificación, desenrolo e avaliación do seu traballo.
- Facer posible a colaboración do profesorado nas tarefas de acción tutorial e orientación educativa.
- Asesorar e colaborar na revisión e actualización dos plans de acción tutorial.
- Colaborar na resolución das necesidades que teñan os/as titores/as para levar a cabo a función tutorial.
- Apoiar a actuación do profesorado, proporcionándolle información sobre recursos, medios materiais, didácticos e estratexias metodolóxicas que poidan favorecer o seu labor docente e tutorial.
- Fomentar o emprego das novas tecnoloxías como medio de ensino-aprendizaxe.
- Asesorar na utilización de metodoloxías que favorezan a aprendizaxe por competencias.

5. OBXECTIVOS REFERIDOS ÁS FAMILIAS:

- Atender as demandas específicas que xurden nesta situación de pandemia e asesorar sobre aspectos que lles preocupan.
- Facilitar a relación familia-titores/as, que permita un mellor coñecemento do alumnado e unha actuación previsoras ou correctoras efectiva dos problemas de aprendizaxe ou conductuais que podan xurdir.
- Promover actividades informativas e orientadoras que impliquen ás familias na consecución dos obxectivos educativos marcados.
- Colaborar coas ANPAS no desenvolvemento dunha escola de pais así como no asesoramento na organización de actividades extraescolares axeitadas á demanda do noso alumnado.
- Informar, o comenzo do curso, dos obxectivos e plans de actuación con respecto ao alumnado de cada nivel.
- Informar aos/as pais/nais dos/as alumnos/as de educación infantil da importancia de actuacións que poden previr a aparición de dificultades (emocionais, de linguaxe, de lectoescritura...).
- Establecer contactos periódicos coas familias de forma colectiva e individual co fin de asumir conxuntamente a orientación educativa dos seus/súas fillos/as.
- Informar e asesorar ás familias do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Informar das dificultades atopadas no proceso de ensino-aprendizaxe dos/as seus/súas fillos/as e facilitarlles estratexias de actuación.
- Orientar e informar sobre recursos e programas educativos dos que poden beneficiarse os seus /súas fillos/as (becas, actividades de apoio, programas de acompañamento...).
- Informar sobre o sistema educativo e a organización e funcionamento dos centros.

6.- ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

O desenvolvemento das actividades deberá estar baseado no traballo cooperativo estruturado e desenrolado en:

1. **Reunións colectivas:** titores/as coas familias, de nivel, xuntas de avaliación, Departamento de Orientación, Claustro, C.C.P., Consello Escolar, comisións de traballo, ...
2. **Reunións individuais** con diferentes membros da comunidade educativa para intercambios de información, cooperación, atención das demandas, entrevistas...
3. **Reunións periódicas (tódalas semanas)** do orientador, o profesorado de pedagogía terapéutica para coordinar as actuacións referidas ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

REFERIDAS AO ALUMNADO

- Actividades, en colaboración co/a titor/a ,de observación do grupo ou dun/unha alumno/a concreto dentro dese grupo.
- Realización de actividades de acollida, especialmente para os/as alumnos/as de novo ingreso, e avaliación inicial do alumnado.
- Establecer actividades de acollida para o alumnado extranxeiro.
- Desenvolver coas titoras un programa de mellora da madurez para a lectura e a escritura (discriminación e atención auditivas, vocabulario, ritmo, expresión oral, conciencia fonolóxica...) no primeiro curso de primaria.
- Desenvolvemento en colaboración cos/as titores/as dun programa de segmentación de palabras nos cursos nos que se precise.
- Establecer, en colaboración co profesorado, unha comisión de mediación nos conflitos.

No primeiro tramo do curso os/as titores/as:

- Realizarán una avaliación inicial e cubrirán unha folla de observación inicial do grupo facilitada polo xefe do Departamento de Orientación.

- Elaborarán actividades encamiñadas a que o alumnado poida comprender e manifestar o seu estado emocional.
- Comentarán cos seus/súas alumnos/as os dereitos e deberes que teñen, informaranos do funcionamento do Centro e tratarán de consensuar con eles unhas normas de convivencia específicas que irán acompañadas dos mecanismos de control necesarios, axustándose ao establecido no Plan de Convivencia e nas NOF.
- Desenvolverán actividades tendentes a dotar de estratexias e recursos para a resolución de conflitos.
- Fomentarán o desenvolvemento das habilidades sociais e as conductas asertivas.
- Proporcionaránlles ao alumnado información referente ao calendario escolar, horarios, atención ás familias, actividades extraescolares e complementarias, programas escolares e criterios de avaliación (inicial, formativa e sumativa).
- Tratarán de coñecer as características do seu grupo por medio dunha entrevista inicial individual, da observación sistemática, sociogramas e outras técnicas grupais que lles poidan ser útiles.
- Cubrirán unha folla elaborada polo Departamento coas necesidades de apoio que detecten (Folla de observación inicial) e entregaranlla ao orientador no prazo máis breve posible para axudar a detectar as necesidades do alumnado e dos grupos.
- Deseñarán actividades específicas para mellorar a comprensión e a eficacia lectora.
- Axudarán aos seus/súas alumnos/as para que adquiren procedementos axeitados de traballo intelectual.
- Procurarán que os/as alumnos/as adquiren e utilicen procedementos facilitadores da reflexión e da toma de decisións.
- Os/as titores/as de 6º poñerán en práctica estratexias encamiñadas a que os seus/súas alumnos/as coñezan a estrutura do sistema educativo e das posibilidades de estudo a curto, medio e longo prazo.

- Pasar unha proba de velocidade e comprensión lectoras a todos os cursos dende segundo ata sexto, a ser posible, ao comezo (octubre) e o remate (maio-xuño) do curso coa colaboración do orientador.
- Elaborar un vocabulario ortográfico básico para establecer un programa de traballo da ortografía (PNL).
- Elaborar unha unidade didáctica para traballar as emocións, tanto o recoñecemento como a expresión das mesmas.

O Departamento de Orientación coordinarase cos/as titores/as, cos especialistas que imparten outras áreas no grupo e coas familias para unha pronta detección de posibles necesidades educativas do alumnado, co obxecto de buscar as respostas educativas axeitadas, que permitan levar a cabo unha rápida intervención.

O Orientador propoñerá un modelo de intervención en cada caso e coordinará a actuación do profesorado de apoio, elevando á directora a proposta de organización da docencia para estos/as alumnos/as. As intervencións e apoios do profesorado con disposición de horaria, faráse preferentemente dentro da aula.

Ó longo do curso escolar os/as titores/as poñerán en práctica estratexias conducentes a:

- Detectar e previr conductas do alumnado que dificulten o seu proceso de ensino-aprendizaxe, solicitando o asesoramento necesario de ser o caso.
- Coordinar as actividades orientadoras e titoriais do Centro que afecten ao seu grupo.
- Participar activamente no PAT.
- Facilitar o traballo en equipo e a coordinación dos ciclos e niveis, así como a canalización das propostas de acción conxunta a través da CCP.
- Informar ao resto do profesorado do grupo titorizado sobre aspectos de relevancia que poden incidir na mellora do ensino-aprendizaxe e da integración grupal dos alumnos.
- Organizar e dirixir as xuntas de avaliación dos alumnos do seu grupo nas que realizará unha síntese de:

- . Os logros acadados polo alumno con respecto á avaliación inicial e ás avaliacións anteriores.
- . A situación actual dos alumnos con necesidades específicas de apoio educativo.
- . Os materiais empregados.
- . A metodoloxía aplicada.
- . A situación do grupo-clase.
- Favorecer unha axeitada comunicación familia-Centro, comunicándolles o horario de atención e mantendo entrevistas persoais nas que lles informarán dos aspectos educativos dos seus/súas fillos/as e así mesmo recabar a información necesaria para mellorar a situación escolar dos/as alumnos/as.

O Orientador colaborará:

- Interactuando constantemente cos/as titores/as dado que son estes os responsables de controlar o desenvolvemento do proceso de aprendizaxe dos alumnos.
- Asesorando ós/as titores/as nas estratexias de resolución de conflitos e nas técnicas de modificación de conducta, co fin de establecer comportamentos idóneos e eficaces nos alumnos, que faciliten unha aprendizaxe escolar normalizada.
- Solicitando axuda dos/as titores/as e dos/as especialistas no ámbito da exploración de determinadas habilidades, xa que son os eles os que mellor poden observar e polo tanto coñecer algunhos aspectos relevantes do comportamento dos alumnos tales como: atención, memoria, orientación espacial, aspectos sociométricos, aspectos de comportamento, relacións familiares,...
- Establecendo reunións de traballo nas que se poidan someter a estudio aqueles termos de interese pedagóxico que redunden na mellora do proceso educativo do Centro en xeral e dos/as alumnos/as en particular.
- Axudando a que alumnos/as, profesores/as e familias descubran outros xeitos de ensino, tecnoloxías, contidos, ... e se movan gradualmente cara os novos tempos.
- Aplicando probas individuais e colectivas de comprensión e velocidade lectora.

- Aplicando probas colectivas de hábitos de estudio e informando e asesorando dos resultados e das posibles actuacións para mellorar.
- Aplicando cuestionarios de autoestima e asertividade que nos podan axudar a coñecer mellor as características individuais e grupais.
- Facendo exploracións psicopedagóxicas naqueles casos que se consideren oportunos, despois de escoitar ós titores, pais e outros profesores que incidan na educación do neno.
- Recomendando e explicando o tratamento axeitado dos nenos explorados.
- Asesorando sobre prioridades e tratamento dos/as alumnos/as con n.e.e.
- Asesorando ós titores na elaboración de reforzos educativos ou adaptacións curriculares.
- Coordinando a integración de nenos doutras nacionalidades e culturas.
- Informando ás familias do desenvolvemento da actividade asistencial do Departamento de Orientación.
- Establecendo contactos permanentes coas familias durante o curso escolar.
- Informando ás familias dos resultados das probas aplicadas e da problemática psicopedagóxica dos seus fillos.
- Facilitando a integración dos/as alumnos/as na súa aula e no conxunto da dinámica escolar.
- Coordinando o proceso de avaliación dos/as alumnos/as e asesorando e orientando sobre a súa promoción.
- Planificando un tempo para preparar e desenvolver actividades titoriais e para atender a grupos de nenos que presenten problemas condutuais.
- Participando nas sesións de avaliación cando sexa requerido.

7.- TEMPORALIZACIÓN

. O desenvolvemento da maioría destas estratexias abranguerán todo curso.

- . Constitución do DO e elaboración e aprobación dos Plans de Atención á Diversidade , Acción Titorial e Orientación no primeiro mes do 1º trimestre.
- . Seguimento do alumnado con neae ao longo de todo o curso.
- . Asistencia as avaliacións ao remate de cada trimestre.
- . Intercambio de información e asistencia as reunións do IES de Teis de referencia, ao longo do 1º, 2º e 3º trimestres.
- . Información e solicitude de intervención do equipo de orientación específico de Pontevedra en momentos puntuais para asesorar ou colaborar na valoración daqueles casos que así o requiran.
- . A planificación das actuacións con respecto a detección do alumnado que precisa apoio, coordinando cos/as especialistas en PT e a AL, e elevando as propostas ao Departamento de Orientación e a Xefatura de Estudos, no primeiro trimestre.
- . Probas colectivas para detección e previsión de posibles dificultades en 6º de infantil no 3º trimestre. Este curso, dadas as circunstancias, pasará o BADyG a todo o alumnado de primeiro de primaria.
- . Probas colectivas de detección temperá de alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo aos/as de 1º : no 1º e 2º trimestres.
- . Observación sistemática mediante rexistros dos/as alumnos/as de infantil de tres anos para detectar e previr necesidades educativas, no 1º trimestre.
- . Probas de desenvolvemento madurativo (Educación Infantil 6º) : 2º trimestre.
- . Probas de comprensión e velocidade lectoras: 1º e 3º trimestre (a todos os cursos dende 2º ata 6º de primaria).
- . Cuestionarios de autoestima , asertividade, estilos cognitivos, coñecemento das emocións así como entrevista individual ao longo do curso en 6º.
- . Técnicas de estudio a todos os cursos dende o 1º trimestre.
- . Comunicados e intercambio de información con outras institución ao longo de todo o curso.
- . Planificación dos apoios ao comenzo de cada trimestre.
- . Elaboración da memoria ao remate do curso.

- . Atención e intercambio de información coas familias ao longo de todo o curso.
- . Revisión das actuacións ao remate do curso.
- . Atención ás familias ao longo de todo o curso.

8.- AVALIACIÓN

A avaliación formativa facerémola nas reunións previstas ó longo do curso e nelas adoptaranse as medidas correctoras que sexan necesarias despois de reflexionar conxuntamente sobre as actividades realizadas, os logros acadados e os aspectos que se deben mellorar. A estas reunións acudirán, sempre que se poida, todos os componentes do departamento e, de non seren posible, faranse coa representación dos coordinadores.

Ao remate do curso faceremos unha avaliación final das actividades realizadas para ver que logros acadamos e que aspectos haberá que mellorar. Os resultados desta avaliación final constituirán o punto de partida para o curso que ven.

Os criterios de avaliación referiranse a:

- Grao de cumprimento das liñas prioritarias
- Grao de cumprimento dos acordos establecidos nas diferentes reunións
- Nivel de consenso acadado no centro en torno ás propostas realizadas
- Grao de fluidez na relación co equipo directivo, en especial coa xefatura de estudos
- Grao de integración das actividades do DO na dinámica xeral do Centro

Empregaremos como instrumentos de avaliación:

- Autovaloración do traballo dos/as membros do DO en relación as tarefas encomendadas
- Revisión de actas das reunións do DO e das propostas realizadas noutros órganos de coordinación e colexiados
- Cuestionarios, informes...

A temporalización será:

- Inicio de curso: avaliación de necesidades ou inicial.
- Unha vez ao trimestre, revisión do Plan de Orientación e suxestións de modificacións
- Final de curso: avaliación sumativa e resume na Memoria do DO.

En Vigo a 1 de outubro de 2020

O Xefe do D.O.

Asdo: Jesús Abel Souto